

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 20 de febreiro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Iglesias Pérez
D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, nove horas e cinco minutos do día vinte de febreiro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm^a. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(40).-ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2006 e a sesión extraordinaria e urxente do 10 de febreiro de 2006. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. Alcaldesa-presidenta.

2(41).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/485, 22/389, 22/446, 22/564, 22/1127, 12/912, 12/933, 21/715, 21/1398, 04/785, 02/196, 02/968, 13/1392.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados pola Delegada de Área de Prticipación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación de Srevicio de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Dna. Leonila Portoo Cebreiro. Expte. 14/485.
- Dna. Pilar Martínez Prieto. Expte. 22/389.
- D. Raimundo Naveiro Caldas. Expte. 22/446.
- Dna. Pilar Cobas Rosende. Expte. 22/564.
- Dna. Amalia Álvarez Álvarez. Expte. 22/1127.
- Dna. M^a Victoria Rubio Alonso. Expte. 12/912.
- Dna. M^a Dolores Campos Carracedo. Expte. 12/933.

- Dna. Sara Vila García. Expte. 21/715.
- Dna. Saladina García Rodríguez. Expte. 21/1398.
- D. Jesús G. Sandín Fuentes. Expte. 04/785.
- Dna. Celsa Mosquera Estévez. Expte. 02/196.
- D. Jaime Cerqueira Rial. Expte. 02/968.
- Dna. Rosalía Piedras Otero. Expte. 13/1392.

3(42).-PRESTACIÓN DO SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/1565.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cosinformes-proposta do xefe do Sector de Acción Social , conformado ppola Delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a Dna. Antonia Barreras Varela. Expte. 22/1565.

4(43).- EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2006 TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. EXPTE. 1853/335.

Mediante providencia do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, de 13.02.06, en cumprimento da base 31ª das bases de execución do presuposto municipal para o ano 2006 prorrogado, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de xaneiro de 2006, que son os seguintes:

EXPTE. 1793-335. CONTRATACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA EVALUACIÓN DO ESTADO DA ESTRUCTURA METALICA DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1283

ADXUDICATARIO: NORCONTROL, S.L.U.

IMPORTE: 3.294,40€

EXPTE. 1788-335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONIA "XXV CONCURSO DE RONDALLAS".

DECRETO CONCELEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1152

ADXUDICATARIO: FERROGAR

IMPORTE: 951,20€

EXPTE. 1789-335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA "XXV CONCURSO DE RONDALLAS".

DECRETO CONCELEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1153

ADXUDICATARIO: LINORSA

IMPORTE: 1.044,00€

EXPTE. 1790-335. CONTRATACIÓN PERSOAL AUXILIAR E PRODUCCION TECNICA DO “XXV CONCURSO DE RONDALLAS”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1154

ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTION CULTURAL S.L.

IMPORTE: 6.126,35€

EXPTE. 1791-335. CONTRATACIÓN ACTUACION DO RANCHO DE REIS GULANS “XXV CONCURSO DE RONDALLAS”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1155

ADXUDICATARIO: RANCHO DE REIS DE GULANS.

IMPORTE: 1.250,00€

EXPTE. 1792-335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESENTADOR PARA O “XXV CONCURSO DE RONDALLAS”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1156

ADXUDICATARIO: JESUS ANTONIO BOUZADA ALBELA

IMPORTE: 300,51€

EXPTE. 1794-335. CONTRATACIÓN DE ALUGUER DE AUTOMOVILES ANTIGOS PARA A CABALGATA DE REIS 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1158

ADXUDICATARIO: CLUBE GALEGO DE AUTOMOVILES ANTIGOS.

IMPORTE: 1.100,00€

EXPTE. 1795-335. CONTRATACIÓN GRUPO DE GAITAS E DE BAILE DA EMD PARA A “CABALGATA DE REIS 2006”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1161

ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO.

IMPORTE: 1.550,00€

EXPTE. 1796-335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONIA DA “CABALGATA DE REIS 2006”

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 2-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1163

ADXUDICATARIO: FERROGAR

IMPORTE: 2.876,80€

EXPTE. 1797-335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER DE CABALOS E XINETES PARA A “CABALGATA DE REIS 2006”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1162

ADXUDICATARIO: BENITO CONRADO PEREZ

IMPORTE: 4.150,00€

EXPTE. 1798-335. CONTRATACIÓN DO PROGRAMA ESPECIAL “CABALGATA DE REIS 2006”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 3-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1160

ADXUDICATARIO: TELECIDADE, S.A.

IMPORTE: 3.000,00€

EXPTE. 1799-335. CONTRATACIÓN PERSOAL AUXILIAR DE ORGANIZACIÓN PARA “CABALGATA DE REIS 2006”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 2-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1170

ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTION CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 6.709,80€

EXPTE. 1806-335. CONTRATACIÓN TRANSPORTES LIXEIROS PARA A “CABALGATA DE REIS 2006”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1166

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALIN.

IMPORTE: 4.776,88€

EXPTE. 1809-335. CONTRATACIÓN DE MONTAXE E DESMONTAXE DE VALADO DE SEGURIDADE PARA A “CABALGATA DE REIS 2006”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 2-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1174

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALIN.

IMPORTE: 4.750,20€

EXPTE. 1821-335. RESERVA DE CREDITO PARA GASTOS DE SERVIZOS DE TRANSPORTES LIXEIROS DE MERCANCIAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1300

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 1.200,00€

EXPTE. 1820-335. RESERVA DE CREDITO PARA GASTOS DE SERVIZOS DE MENSAXERIA, COMUNICACIÓN OU CORREO POSTAL.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1301

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 1.000,00€

EXPTE. 1822-335. RESERVA DE CREDITO PARA GASTOS DOS DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA PROGRAMACION DO ANO 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1299

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 3.000,00€

EXPTE. 1823-335. RESERVA DE CREDITO PARA GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DA PROGRAMACIÓN DA CONCELLARIA DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1298

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 5.000,00€

EXPTE. 1824-335. RESERVA DE CREDITO PARA ATENCIONS PROTOCOLARIAS. DECRETO CONCELLEIRO DATA: 4-01-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1297

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 3.000,00€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(44).- PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006. EXPTE. 1851/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 09.02.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para contratación dos espectáculos e actividades do programa das Festas do Cristo da Victoria 2006, que de seguido se transcribe.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das “Festas do Cristo da Victoria 2006”.

3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241”

PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006.

Vigo, o de de dous mil seis.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

*Doutra parte D/Dna..... (apoderado/a, administrador/a único/a...) e que actúa en nome da empresa denominada
CIF, e con enderezo da cidade de,
CP ; no sucesivo A AXENCIA.*

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista/grupo, no sucesivo O/A ARTISTA, o día de de 2006, ás horas no recinto denominado, situado en, cunha duración mínima de minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de (CIFRA) euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de (CIFRA) (EN LETRA).- euros, en concepto da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a D/Dna..... , NIF..... momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- - O local da actuación dispón dun aforo de (CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda (CIFRA) entradas ao prezo de (CIFRA).-euros cada unha e será beneficiario da total recadación; tamén realizará (CIFRA) invitacións das que entregará (CIFRA) á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as (CIFRA) horas do día da actuación ata (CIFRA) horas despois do final da actuación do/da ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O/A ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle ao/á ARTISTA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do/da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de ----- wattios de son e de ----- wattios de iluminación.

REFORZO.-

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do/da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura dende o chan de (NÚMERO) m. O escenario si/non está cuberto.

Capacidade de carga.- (CIFRA) kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario ("backstage").

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- (NÚMERO)m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e dous niveis, situados a (NÚMERO) e a (NÚMERO) m do chán.

Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.
Capacidade de carga.- (NÚMERO) kg/m2 en cada nivel.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a (NÚMERO) m do escenario, haberá unha plataforma de (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura de (NÚMERO) m nun tramo de (NÚMERO) m de fondo e de (NÚMERO) m para o tramo máis alonxado do escenario.

Situación.- A (NÚMERO) m do punto central da embocadura do escenario.
Capacidade de carga.- (NÚMERO) Kg/m2.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- (NÚMERO) tomas de corrente independentes; unha de XXX voltios e XX Kwatios, outra toma de XXX voltios e XXX Kwatios.

Situación.- As tomas estarán a ambos lados do escenario e a (NÚMERO) metros dende o seu centro.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao/á ARTISTA de (NÚMERO) camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este; terá capacidade suficiente para un total de (NÚMERO) persoas.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do/da ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao/á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do/da ARTISTA , dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

.....

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:

20 litros ao comezo da montaxe

10 litros ao comezo das probas de son

20 litros ao comezo da desmontaxe.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de (NÚMERO) vehículos do/da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do/da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do/da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de (NÚMERO) persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. O total de horas de traballo do equipo estímase en (NÚMERO) horas.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (*backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsabeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O/A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende (NÚMERO) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por (NÚMERO) persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

(NÚMERO) membros DETRÁS DO ESCENARIO.

(NÚMERO) membros DIANTE DO ESCENARIO.

(NÚMERO) membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

(NÚMERO) membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.

(NÚMERO) membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de (NÚMERO) horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricta puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás (NÚMERO) horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do/da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, antes do día ---- de -----de 2004, o seguinte material publicitario do/da ARTISTA:

CARTEIS.- (NÚMERO) unidades, dimensións (largo, longo).

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

6(45).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO RESTRINXIDO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE NATUREZA FINANCEIRA E RECADADORA DO CONCELLO. EXPTE. 6889540.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión do 24.10.05, aprobou o prego de cláusulas técnicas e administrativas particulares do concurso para a prestación dos servizos de natureza financeira e recadatoria do Concello de Vigo, así como a convocatoria de dito concurso.

Con data 13.01.06 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes propostas: 1) BBVA, 2) La Caixa, 3) Caja de Ahorro de Galicia e 4) Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Con data 5.11.05 a Mesa de Contratación procedeu á apertura das ofertas presentadas, pasándoas a informe do tesoreiro do Concello de Vigo para informe, que foi emitido con data 19.01.06, formulando as conclusións que se recollen na proposta da Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación en sesión do 6.02.06 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

1º.- Seleccionar de acordo coa cláusula técnica número 10 do Prego (“Criterios de valoración das ofertas”), as entidades Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova), Caja de Ahorros de Galicia (Caixa Galicia), Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona (La Caixa) e Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. (BBVA), para a prestación dos servizos financeiros e de colaboración en materia de recadación como Entidades Xestoras, por obter a maior puntuación polo conxunto dos catro criterios.

2º.- Designar a entidade Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova), como entidade xestora para a totalidade das entidades colaboradoras na recadación do Concello de Vigo, incluída ela mesma, e coa salvidade das outras tres entidades que resultaron adxudicatarias.

3º.- No que atinxe o contido e condicións dos servizos a prestar como Entidade Xestora, haberá de axustarse en todo caso ó establecido con carácter xeral nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de tributos de cobro periódico e notificación colectiva”, aprobadas pola Comisión municipal de Goberno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000, e no Prego de condicións polo que se rexeu a adxudicación, e, adicionalmente, haberán de realizar as seguintes prestacións como resultado da adxudicación:

- Entidade Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova):

- Edición de avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados e posterior distribución ós domicilios correspondentes, asumindo a Entidade Caixanova os custos de edición e distribución.
- Emisión e entrega ós contribuíntes que o soliciten, nas instalacións da propia entidade, de copia ou duplicado dos recibos devoltos, en toda a rede de oficinas.
- Establecer unha pasarela de pagamentos para o cobro dos tributos municipais en liña, con tarxetas de crédito ou débito, a través da páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), sen aplicar comisión ou cargo algún pola xestión de cobro, calquera que sexa a entidade financeira emisora da tarxeta.

- Entidade Caja de Ahorros de Galicia (Caixa Galicia):

- Emisión e entrega ós contribuíntes que o soliciten, nas instalacións da propia entidade, de copia ou duplicado dos recibos devoltos, en toda a rede de oficinas.
- Establecer unha pasarela de pagamentos para o cobro dos tributos municipais en liña, con tarxetas de crédito ou débito, a través da páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), sen aplicar comisión ou cargo algún pola xestión de cobro, calquera que sexa a entidade financeira emisora da tarxeta.

- Entidade Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona (La Caixa):

- Emisión e entrega ós contribuíntes que o soliciten, nas instalacións da propia entidade, de copia ou duplicado dos recibos devoltos, en toda a rede de oficinas.

- Entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. (BBVA):

- Emisión e entrega ós contribuíntes que o soliciten, nas instalacións da propia entidade, de copia ou duplicado dos recibos devoltos, en toda a rede de oficinas.

4º.- A entidade seleccionada para a prestación do servizo de Caixa da Corporación nas instalacións emprazadas no interior da Casa Consistorial, e, adicionalmente, prestar nas mesmas os servizos de natureza financeira ó persoal do Concello de Vigo, é a entidade Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova), por haber obtido a maior puntuación total, como resultado da aplicación conxunta da totalidade dos criterios establecidos no Prego de condicións (95 puntos). O canon anual que aboará o concello por este concepto será de 102.000 euros.

7(46).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DE REPARACIÓNS DAS CARROCEIRAS DOS VEHÍCULOS INFERIORES A 3.500 KGS. EXPTE. 1027-445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 26.01.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 26-05-2003 se adxudicou o concurso para a reparación de carrocerías de vehículos inferiores a 3500 kg á empresa Talleres Fontan, S.L..

Na cláusula 2 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato os anos 2003 e 2004 coa posibilidade de prorrogalo para os exercicios 2005 e 2006.

A Xunta de Goberno celebrada o día 31-01-2005 autorizou a prorrogación do contrato por unha anualidade.

De acordo co informado polo xefe do Parque Móbil é necesario tramita-la prorrogación do contrato para o ano 2006 toda vez que os prezos de man de obra e descontos na tarifa dos materiais continúan sendo favorables respecto á evolución do mercado e os traballos feitos polo adxudicatario foron técnicamente correctos, así como o cumprimento do prazo de entrega de cada un deles. .

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Autoriza-la prorrogación para o período comprendido entre o 01-01-2006 ó 31-12-2006 do contrato para a reparación de carrocerías de vehículos inferiores a 3500 kg adxudicado a Talleres Fontan, S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 26-05-2003, sendo o importe da prorrogación o de 19.500 euros que se imputaran a partida 121.2.214.00.00 do presuposto do ano 2006 ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(47).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención xeral e de acordo cos informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda devolver as fianzas que de seguido se detallan, xa os traballos aos que se refiren foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrer o prazo de garantía:

a) Devolver a Guilbert España, S.A. a fianza de 999,73 €, constituída para responder da substración de material de oficina.Expte. 785/241.

b) Devolver a Metal FH Rosal, S.L., a fianza de 868,89 € constituída para responder da subministración de duchas, recibidas mediante acta de 2.11.04. Expte. 1081/241.

c) Devolver a Manufacturas del Ierez, S.L. a fianza de 391,65 €, constituída para responder da subministración de materiais de ordenación da zona superior do cuartel de Barreiro e subministración de materiais convenio Xunta-Concello. Expte. 1078/241.

d) Devolver a Chemtrol División Industrial, S.A., as fianzas:

- A fianza de 4.462,56 €, constituída para responder dos traballos e subministracións feitos no Auditorio do Centro Cívico de Teis. Expte. 1091/241.
- A fianza de 629,08 €, constituída para responder das subministracións para o Auditorio do Centro Cívico de Teis. Expte. 1092/241.

e) Devolver a Paz Dismac, S.L., a fianza de 719,61 €, contituída para responder da subministración de equipos informáticos para as asociacións civicas de Vigo. Expte. 544/241.

f) Devolver a Sercocsa Proyectos y Obras, S.A., as seguintes fianzas:

- A fianza de 6.855,79 € constituída para responder da mellora dos pavimentos víais, lote B, recibidas mediante astas de 30.6.04 e 19.12.03. Expte. 146/443.
- A fianza de 10.594,08 €, constituída para responder das obras de pavimentación da Avda. Castelao, recibidas mediante acta de 30.6.04. Expte. 147/443.
- A fianza de 4.662,96 €, constituída para responder das obras de mellora de beirarrúas na rúa Baiona, recibidas mediante acta de 30.8.04. Expte. 148/443.
- A fianza de 8.613,44€, constituída para responder das obras de bacheo xeral de rúas, recibidas mediante acta de 30.8.04. Expte. 149/443.
- A fianza de 7.933,75€, constituída para responder das obras de mellora de beirarrúas na rúa Balaídos, recibidas mediante acta de 30.6.04. Expte. 150/443.

- A fianza de 4.769,81 €, constituída para responder das obras de mellora de pavimento de viaís, lote F, recibidas mediante actas de 19.12.03 e 30.8.04. Exppte. 151/443.

9(48).- RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO FELISINDO NAVARES YAÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.398/243. RESPONSABLE SIMCO S.L.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 08.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Francisco Felisindo Navares Yáñez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de novembro de 2004, no que expón que o día 07 de novembro de 2003, cando se atopaba no Parque forestal do Monte Vixiador, unha mesa de pedra alí existente rompeuse e caeu sobre o seu pé, producíndolle danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 17/11/2004, indicando que dos danos sufridos debe responder a empresa Simco, concesionaria do servizo de conservación e mantemento dos parques forestais.*
- *Informe da empresa Simco, concesionaria do servizo de conservación e mantemento dos parques forestais, con data 11/01/2005.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 20/01/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.523,54 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 11/05/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Navares.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Simco, con data 22/06/2005, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 19/09/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa producto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslinda-la imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen.

A Comisión de Goberno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 18 de xuño de 2001 acordou adxudicar a Simco S.L. o concurso para a contratación da prestación do servizo de mantemento e reposición dos parques forestais do Concello de Vigo de acordo co prego de condición aprobado por acordo da Comisión de Goberno en data 19 de febreiro de 2001 e a oferta presentada.

O Prego de bases técnicas para a conservación e reposición dos parques forestais establece na cláusula 4.1.B entre os labores a que deberá atender o adxudicatario, os de reposición e mantemento de elementos non vexetais, precisando que “o adxudicatario queda obrigado a proceder a reparación ou substitución e mantemento propio de todos os elementos incluídos dentro do perímetro do Parque Forestal adxudicado e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo propio uso dos mesmos ou como consecuencia de actos vandálicos, sufran un grao de deterioro que faga aconsellable a súa reposición”. A tal efecto, entre outros, considéranse como elementos non vexetais as mesas. Así mesmo, o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo ca cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas do servizo de conservación e reposición dos parques forestais, o contratista ten a obriga de “Responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo tanto á Administración municipal como a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Legislativo 2/2000.

Respecto á valoración dos danos, o Sr. Navares manifesta en trámite de audiencia a súa disconformidade coa realizada pola asesoría médica do Concello en dous aspectos: no cómputo do prazo de incapacidade e na determinación e valoración das secuelas. Con referencia o cómputo do prazo, o reclamante manifesta que o prazo de incapacidade alcanza ata o día 27 de decembro de 2003, data en que lle foi dada a alta médica definitiva. No entanto no informe médico da Clínica Fátima, achegado polo interesado ó expediente figura “con fecha 27/11/2003 fue dado de alta en este centro” e a continuación se mencionan as secuelas restantes ó alta “deformidad en lámina ungueal de 1º y 2º dedos del pie izquierdo y cicatriz en falange distal del 1º dedo de pie izquierdo”, que o Dr. Guillén, da asesoría médica do Concello, valora con 1 punto e que o Sr. Narváez valora con 4 puntos, sen presentar nova documentación médica ou informe pericial que avale a súa valoración, polo que, á falta de datos que desvirtúen a obrante no expediente, a informante estima que deberá prevalecer esta.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Francisco Felisindo Navares Yáñez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Simco S.L, empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e na cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas do servizo de conservación e reposición dos parques forestais, debendo dita empresa indemnizar ó reclamante na cuantía de 1.523,54 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

10(49).- RECLAMACIÓN DE Dª. ELVIRA TOMÉ SANMARTÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 176/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 09.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elvira Tomé Sanmartín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de maio de 2004, no que expón que o día 04 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola avenida da Florida, á altura do número 127, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/09/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- *Informe do Inventario Municipal, con data 21/02/2005, indicando que a vía onde ocorreu o accidente consta de alta na listaxe de actuación e rectificación do Inventario.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.637,54 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 30/06/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Tomé; así mesmo, indica que o desperfecto onde caeu a reclamante vese perfectamente.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 07/07/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor citou a presunta testemuña presencial dos feitos, mais esta manifesta non ter visto caer a Sra. Tomé, senón que a viu no chan, cando xa caera, posto que estaba no interior da Farmacia onde traballa, non na rúa polo que non pode acreditar a causa da caída, que tanto pode deberse a existencia dun obstáculo na beirarrúa como a unha perda momentánea do equilibrio por calquera outra causa.

No entanto, aínda que tivesemos por probado que a causa eficiente da caída da Sra. Tomé fora a existencia dun desnivel na beirarrúa, tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte manifestan tanto o informe do Servizo de Vías e Obras como a presunta testemuña presencial que manifesta que na súa declaración que “se ve perfectamente”. Ó ser o obstáculo perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elvira Tomé Sanmartín por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

11(50).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA JIMÉNEZ GABARRE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 506/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e contratación do 08.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Jiménez Gabarre presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de febreiro de 2005, no que expón que o día 05 de xaneiro de 2005, camiñando pola praza de Fernando el Católico, con rúa Santo Domingo, tivo unha caída, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 05/01/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Jiménez relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia dunha focha, a 9 metros do paso de peóns, estando este debidamente sinalizado.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 23/03/2005, que confirman que o accidente ocorreu na calzada e non en zona de circulación de peóns.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 624,20 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 26/07/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que declara que a Sra. Jiménez non estaba circulando por zona de peóns, aínda que existise un paso de peóns próximo ó lugar da súa caída.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 26/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración. Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente a existencia dunha pequena focha na calzada, que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de tránsito. Esta focha, ó estar situada na calzada, non supón un perigo para os peóns xa que a calzada non é un sitio habilitado para o tránsito de viandantes, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel”. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia da reclamante, que circulaba por un sitio non habilitado para a circulación dos viandantes, cando tanto do informe do Servizo de Vías e Obras como do Parte do servizo da Policía Local e da declaración da testemuña presencial dos feitos constatase a existencia dun paso peonil a escasos metros do lugar onde ocorreu o accidente. É de supor, ademáis, que ó estar cruzando por un sitio destiñado á circulación de vehículos a Sra. Jiménez debeu extremar aínda máis a súa precaución e a súa dilixencia no control da deambulacón, tal e como exise o artigo 124 do regulamento citado. Dado que a negligencia da vítima, que circulaba por una zona non habilitada para os peóns, interferiu no nexo causal, non é posíbel vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal, polo que esta Administración non deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por dona María Jiménez Gabarre, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

12(51).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL RODRÍGUEZ PUGA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.577/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 02.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Rodríguez Puga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de abril de 2005 no que expón que o día 26 de decembro de 2004 o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-8231-V, mentres estaba estacionado na rúa Marín, á altura do número 3, foi alcanzado por un colector movido polo vento, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 437,88 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 26/12/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por unha chamada telefónica e que persoados no lugar do accidente o Sr. Rodríguez relatoulles os feitos. Así mesmo, comprobán que, ó separaren o colector do vehículo do Sr. Rodríguez, este presentaba danos.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 06/06/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe da empresa concesionaria Fomento de Construcciones y Contratas, con data 21/06/2005.*
- Informe do Parque Móbil, de 21/07/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 35/05 de Talleres A.T.C., presentado polo reclamante, por un importe de 437,88 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 12/08/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos.

Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto queda acreditado no expediente que a causa eficiente dos danos ó vehículo do Sr. Rodríguez, a teor do informe da Policía Local, foi o golpe atinxido por un colector de residuos sólidos que se desprazara por mor do vento reinante ese día, apreciándose un claro nexos de causalidade entre os danos e o funcionamento do servizo público local, polo que esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Rodríguez Puga, e indemnizálo coa cantidade de 437,88 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

13(52).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL MIGUÉLEZ OTERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16464/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeraldo Servicio de Pastrimonio e contratación do 03.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Miguélez Otero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de agosto de 2003, no que expón que o día 01 de agosto de 2003, estando estacionada a súa motocicleta, matrícula C-1446-BFT, na rúa Maestro Montes, sufriu danos de carácter material ó reblandecerse o asfalto.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 01/08/2003, no que os axentes actuantes manifestan que a motocicleta do Sr. Miguélez atopábase correctamente estacionada pero debido á forte calor producido o asfalto ablandou e provocou a caída do vehículo.*

- Informes do servizo de Vías e Obras, con data 26/12/2003 e 13/05/2004, nos que manifestan que o aglomerado asfáltico corresponde ó bacheo por deficiencias no pavimento da rúa.
- Informe do Parque Móbil, de 19/07/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Motos Vigo, S.L., por un importe de 170,31 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 03/08/2004, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, do informes obrantes no expediente, dedúcese que o rebrandecemento da capa asfáltica da calzada foi a causa eficiente da caída da motocicleta do Sr. Miguélez, e polo tanto dos danos sufridos como consecuencia da mesma poden vincularse ó funcionamento do servizo público municipal, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don Manuel Miguélez Otero, indemnizándolle na coantía de 170,31 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

14(53).- RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN CORTEGOSO CARBALLAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 177/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 03.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Cortegoso Carballal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de maio de 2004, no que expón que o día 10 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa García Barbón, á altura do número 28, sufriu unha caída por mor dunhas lousas levantadas na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material, que, en escrito de data 13 de maio cuantifica en 1.342, 00 €.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/06/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 21/09/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Práctica de proba testifical, con data 30/11/2004, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Cortegoso.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.409,38 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 15/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte establece ó informe do Servizo de Vías e Obras “a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida”. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, e unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal. No entanto, segundo a testemuña presencial dos feitos, no momento da caída circulaba pola rúa bastante xente, o que dificultaba a percepción do devandito obstáculo. Á vista destas circunstancias procedería apreciar una concurrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, e dado que a Sra. Rodríguez solicita una indemnización de 1.342,00 euros, esta Administración deberá aboarlle o cincuenta por cento da mesma.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Carmen Cortegoso Carballal, e indemnizála na contía de 671 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

15(54).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a CARMEN COUTO LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 189/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 02.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Couto López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de maio de 2004, no que expón que o día 22 de abril de 2004, mentres camiñaba pola rúa Gran Vía, á altura do número 183, sufriu unha caída por mor dunha baldosa que se atopaba levantada e sen ningún tipo de sinalización, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/09/2004, no que informan que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 02/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 809,41 euros.*
- Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 11/05/2005, que confirma os extremos alegados pola Sra. Couto.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 27/06/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non

apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación, tal e como se desprende do informe do Servizo de Vías e Obras. No entanto, aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal co seu defectuoso control da propia deambulación, a testemuña na súa declaración relata que a caída da Sra. Couto aconteceu ó mencer e non era de día todavía polo que é posíbel que non reparase na existencia dunha louseta levantada na beirarrúa, polo que a informante conclúe que se da neste suposto unha concurrencia de culpas entre a reclamante e a Administración.

A Sra. Couto reclama o aboamento dunhas lentes, mais ó ser preguntada a testemuña sobre os presuntos danos materiais sufridos pola reclamante por mor da caída non pode confirmar este extremo. Conforme as regras xerais sobre a carga da proba, a existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle probar á reclamante (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial), polo que, ó non quedar acreditado o dano das lentes non é posíbel proceder o pago do importe das mesmas.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial de Dona Carmen Couto López, e indemnizála coa cantidade de 139,70 euros polos danos persoais e os gastos ocasionados pola caída na vía pública”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

16(55).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE, MUTUALIDAD DE SEGUROS E REASEGUROS (D. VICTOR HUGO ABALDE) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 485/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 03.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Mapfre, Mutualidade de Seguros e Reaseguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 18 de marzo de 2005 o vehículo de propiedade de D. Víctor Hugo Abalde, con matrícula PO-2894-BS, estando estacionado no camiño Estreitiño, á altura do número 10, rompeuselle un cristal por mor dunha pedra que lanzou unha máquina desbrozadora do servizo de Limpeza deste Concello, danos tasados en 226,11 euros. Ó estar o vehículo asegurado pola devandita compañía esta procedeu o aboamento deste importe ó prexudicado, que agora reclama a esta Administración.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Limpeza, con data 08/02/2005, que confirman que mentres o persoal do servizo realizaba a limpeza das gabias polo Camiño Estreitiño saltou unha pedra que produciu a rotura do cristal posterior do vehículo do denunciante.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 06/05/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 88 de Comercial Rodríguez de Vigo S.L. por un valor de 226,11 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 07/06/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Ó realizar as labores de limpeza dos mesmos unha máquina desbrozadora rompeu o cristal dun vehículo, polo que estos danos poden imputarse ó funcionamento do servizo público municipal e por tratarse dun prexuízo antixurídico que o perxudicado non ten o deber de soportar por non se tratar dunha carga social, esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Mapfre, Mutualidade de Seguros e Reaseguros, e indemnizála na contía de 226,11 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo danado”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

17(56).- RECLAMACIÓN DE D. GASPAR NOVOA DAVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 529/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 10.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Gaspar Novoa Davila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de marzo de 2005 no que expón que o día 24 de outubro de 2004 mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-2724-BH, pola avenida de Castrelos, este foi alcanzado por un colector movido polo vento, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 335,50 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 25/10/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Novoa relátalles o accidentes que tivera; igualmente comprobán o colector volcado na calzada.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 13/04/2005.*
- Informe do Parque Móbil, de 19/04/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº 80 de Talleres Hermelo, presentado polo reclamante, por un importe de 335,50 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Informe da empresa Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria da recollida de residuos urbanos, con data 26/04/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados, aínda que nestes días houbo moitos colectores desprazados polos fortes ventos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 12/05/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. O Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ó servizo de limpeza, que non ten constancia nos seus arquivos do accidente nin de ningunha reparación nos colectores da Avda. Alcalde Portanet durante o día do accidente nin en días posteriores, e á Policía Local para reclamarlles o parte do servizo correspondente o accidente. Porén, aínda que o reclamante manifesta que o dano produciuse ó bater o colector co vehículo, non existe ningunha testemuña presencial do presunto accidente, os axentes da Policía Local acudiron ó lugar dos feitos a instancia do Sr. Rivas, con posterioridade ós mesmos, e non presenciaron a presunta colisión, polo que só poden dar fe da existencia dun colector desprazado do seu sitio, tumbado na calzada que impedía ó paso dos vehículos, motivo polo cal acudiron ó lugar dos feitos, e de que o vehículo do requirinte presentaba danos no espello retrovisor dereito, mais non de que estes danos os causara o colector durante o seu desprazamento dende a súa posición primitiva ata a posición final, polo que non é posíbel establecer un nexo de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da reclamante e o servizo público, que permita imputar a esta Administración a responsabilidade dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Gaspar Novoa Davila, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

18(57).- RECLAMACIÓN DE D. CÉSAR RODRÍGUEZ LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 490/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 10.02.06, conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Don César Rodríguez Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de febreiro de 2005, no que expón que o día 25 de xaneiro de 2004 o seu fillo Morgan Rodríguez García, circulando co vehículo de propiedade de D. César, matrícula PO-7396-AS, pola Avda. Arquitecto Palacios, sufriu danos materiais ó golpear contra uns valos metálicos que se atopaban na calzada, ó non ser capaz de evitalos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 25/01/2004, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, D. Morgan Rodríguez relátalles o accidente; así mesmo, comprobaban os danos no vehículo accidentado e a existencia das balizas de plástico, que non tiñan o peso adecuado, sendo dese modo movíbeis pola acción do vento.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/01/2005, indicando que as balizas de plástico deberían estar cheas de auga e area para que o vento non as movea e que estas balizas correspondían á sinalización das obras de colocación dunha tubería, que realizaba a empresa Construcciones Crespo para a concesionaria Aqualia.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, con data 27/01/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de reparación de Comercial Automoto, presentado polo reclamante, por un valor de 826,65 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, con data 25/04/2005, indicando que o valor venal estimado do vehículo ascendía a 900 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 28/06/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Rodríguez.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 18/07/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 20/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produciuse debido a existencia duns valos na calzada sinalizando unha obra que realizaba esta empresa, que ó non ter o peso adecuado, desprazáronse da súa ubicación orixinal por mor do forte vento reinante esa noite, e estaban atravesadas na calzada, a continuación dunha curva, ocupando a práctica totalidade do único carril habilitado para a circulación, tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local, polo que o conductor do vehículo accidentado non poido evitalos.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. César Rodríguez Lorenzo.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 826,65 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

19(58).- RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN MARTÍNEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 251/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 13.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Carmen María Martínez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de xullo de 2004, no que expón que o día 16 de xuño de 2004, ó baixar dun autobús na rúa Venezuela, entre os números 4 e 6, tivo unha caída por mor dunha focha alí existente, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/11/2004, manifestando que na beirrúa onde indica a Sra. Martínez ter caído non se aprecia ningunha focha nin reparación recente.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 07/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 306,72 euros.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 23/06/2005, manifestando que, á vista da documentación achegada pola Sra. Martínez onde indica que o lugar onde caeu atópase na calzada e non na beirarrúa, o lugar da caída non está habilitado para paso de peóns e que o firme, na data do informe, seguía nas mesmas condicións.*
- Práctica de proba testifical, con data 15/07/2005, á testemuña proposta pola reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 15/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local).

Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia dos feitos, dado que a presunta testemuña presencial dos feitos, o conductor do autobús no que viaxou a Sra. Martínez, non viu caer a ninguén ó baixar do mesmo, e manifesta que “lo único que se es que cuando arranque la gente que iba dentro empezó a chillar y pare, abri la puerta y vi a una señora con otra”, e ó ser preguntado polo instructor si podía identificar a persoa que caeu respostou “no, no la vi”.

A Sra. Martínez límitase a aportar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen María Martínez González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

NESTES INTRES AUSENTASE O CONCELLEIRO D. CARLOS COMESAÑA ABALDE.

20(59).- EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DAS FINCAS NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL 03.23 BARUXÁNS B- APROBACIÓN DEFINITIVA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do Técnico de Admón. Xera do Servicio de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo, do 10.02.06. a Xunta de Goberno Local acorda:

Antecedentes

1.- En data 02/09/2002 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "03-23-Baruxáns B" (Bembrive) -Expte. 5823/411-. As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP de Pontevedra núm. 206, do 25 de outubro de 2002.

2.- No 09/09/2004 constituíuse a Xunta de Compensación do polígono 1 do referido Plan Parcial, mediante Escritura Pública outorgada perante o notario de Vigo D. Luis Rajoy Brey co núm. 1.198 do seu protocolo, logo ratificada por outra posterior outorgada no 10/09/2004 polo notario D. José Antonio Somoza Sánchez co núm. 2.173 do seu protocolo.

No 20/12/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aproba-la constitución desa Xunta de Compensación (expte. 4530/401). Os Estatutos e Bases de Actuación deste polígono correspóndense cos do modelo xeral aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 e publicados no BOP de Pontevedra do 02/01/2004.

3.- No 28/02/2005 o presidente e representante da citada Xunta de Compensación (XC) presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a expropiación por taxación conxunta das fincas primitivas núms. "11", "40", "42" e "145" do polígono, toda vez que os seus respectivos propietarios negáronse a incorporarse a dita XC. Achegouse con dita solicitude o correspondente proxecto de expropiación, aprobado pola XC en asemblea do 14/02/2005.

En data 26/05/2005 o Arquitecto técnico municipal emitiu un Informe sobre o proxecto expropiatorio, no que se conclúe a procedencia de eleva-lo importe do seu prezo xusto.

No 20/06/2005 o representante da XC presentou na Xerencia de Urbanismo un novo proxecto expropiatorio corrixido (por triplicado exemplar). No 30/06/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un novo Informe no que considerou axeitada a valoración do prezo xusto expropiatorio contida no último proxecto presentado. No mesmo día o técnico de administración xeral emitiu Informe xurídico ó respecto.

4.- En data 18/07/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes mediante publicación de anuncios no DOG núm. 175, do 12/09/2005 e no diario Faro de Vigo do 12/08/2005, así como notificación individualizada ós titulares das fincas expropiadas.

Durante dito período interpuxéronse tres escritos de alegacións, subscritos respectivamente por D. Ángel Pérez Riveiro (doc. 50160461), D^a Carmen e D^a Purificación Rodríguez Comesaña (doc. 50160465) e D. Ángel Pérez Vila (doc. 50160466).

Déuselle traslado dunha copia dos mesmos á Xunta de Compensación, que procedeu a respotalos mediante outro escrito presentado na Xerencia de Urbanismo no 28/11/2005.

Mediante senllos oficios do 22/12/2005 notificóuselle o referido Acordo de aprobación inicial ás entidades mercantís "Talleres Los Ángeles SL" e "Construcciones Vialfer Vigo SL". Tamén se lle requiriu a D. Ángel Pérez Vila e a D. Ángel Pérez Riveiro a xustificación das súas titularidades sobre as fincas obxecto de expropiación. Asemade, solicitouse do Rexistro da Propiedade nota informativa sobre a descripción e titularidade actual de ditas fincas, notas que se emitiron no 09/01/2006 e figuran xa unidas ó expediente.

No 04/01/2006 D. Ángel Pérez Vila e D. Ángel Pérez Riveiro presentaron un escrito no que manifestaron que as fincas núms. 145 e 40 do proxecto expropiatorio pertencenlle ó primerio deles, e a finca núm. 42 a D. Ángel Pérez Riveiro. Achegaron a tal efecto copia compulsada de varios títulos de propiedade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Os arts. 22 e 131 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e art. 18 Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbanizable, entre as que figuran a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios.

O art. 156.1 LOUGA preceptúa a este respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación".

Tamén o art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU) dispoñe que: "Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación".

Do mesmo xeito, o art. 144.2 LOUGA preceptúa que: "O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa (...)".

O proxecto expropiatorio presentado pola Xunta de Compensación contén a documentación esixida no art. 143.1 LOUGA, axustándose as súas valoracións ó disposto nos arts. 23 e ss. LRSV e RD 1020/1993, do 25 de xuño.

II.- No referente ós escritos de alegacións presentados durante o trámite de información pública aberto trala aprobación inicial do proxecto, cumpre sinala-lo seguinte:

II.1.- Alegacións de D. Ángel Pérez Riveiro e D. Ángel Pérez Vila (14/09/2005, docs. 50160461 e 50160466).

Contido: Manifestan a súa oposición ó proxecto expropiatorio por estes 5 motivos:

- Impugnación do Plan Parcial 03-23 Baruxáns perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 5478/2002.
- Omisión de levantamento de "Acta previa de ocupación".
- Erro na titularidade da finca "145".

- Afeccións á entrada da vivenda dos alegantes así como á das actividades de "Construcciones Vialfer Vigo SL" e "Talleres los Ángeles SL". Procedencia da expropiación total das fincas.

- Desconformidade co prezo xusto expropiatorio.

Informe:

- O motivo primeiro da alegación pode desestimarse de plano toda vez que o devandito recurso cont.-ad. 5478/2002 foi resolto recentemente polo TSXG na súa Sentenza do 26/01/2006, desestimatoria da demanda e confirmatoria da legalidade do Plan Parcial 03-23 Baruxáns.

- O segundo motivo (Acta previa ocupación) pode tamén desestimarse. O procedemento de expropiación por taxación conxunta regúlase nos arts. 143 e 144 LOUGA. Non se require neles o levantamento de ningún "Acta previa á ocupación".

- No referente á titularidade da finca núm. 145, de 325 m2 de superficie, acredítoase que efectivamente lle corresponde a D. Ángel Pérez Riveiro e non a D. Ángel Pérez Vila, polo que o proxecto expropiatorio será rectificadno neste senso.

- Non procede ampliar a expropiación a terreos exteriores ó ámbito do Plan Parcial. En primeiro termo porque eses terreos exteriores ó ámbito non están afectados polas obras de urbanización do polígono, carecendo de "causa expropriandi". En segundo, porque a parte restante da finca non perderá a súa utilidade como consecuencia desta expropiación. Tal e como sinalou a Xunta de Compensación no seu escrito do 28/11/2005 e o arquitecto técnico municipal no de 13/12/2005 antes citados as edificacións preexistentes continuarán dispoñendo de acceso á vía pública (camiño de Fionde, cuxo trazado se mantén e mellora no Plan Parcial). Por outra banda non se acredita ningún prexuízo indemnizable a maiores dos recoñecidos no proxecto expropiatorio.

- No referente á valoración do prezo xusto expropiatorio, reitérase o sinalado polo arquitecto técnico municipal no seu mentado Informe do 13/12/2005 sobre que: " No expediente de expropiación dos bens e dereitos afectados figura a xustificación do cálculo dos valores do solo e bens e dereitos afectados, de acordo á lei 6/1998 de 13 de abril sobre o réxime do solo e valoracións. No escrito presentado polo alegante non se xustifica de acordo á lei 6/1998 o citado cálculo, nin se presenta valoración que xustifique outro valor, expresando exclusivamente o seu desacordo a título individual, polo que o técnico que subscribe ratifícase na valoración que figura nas follas de aprecio do expediente e na valoración presentada pola Xunta de Compensación, e que a xuízo do mesmo axústanse ó valores de mercado actuais para terreos urbanizables de uso industrial e pendentes de ordenación, equidistribución e urbanización".

Proposta: Estimar parcialmente as alegacións, no único senso de rectifica-la titularidade da finca núm. 145, atribuíndolla a D. Ángel Pérez Riveiro, desestimándoa no resto.

II.2.- Alegacións de D^a. Carmen Rodríguez Comesaña e D^a Purificación Rodríguez Comesaña (Comunidade de Herdeiros de D. Jesús Rodríguez Abalde) (14/09/2005, doc. 50160465).

Contido: Manifestan a súa oposición ó proxecto expropiatorio por estos 4 motivos:

- Impugnación do Plan Parcial 03-23 Baruxáns perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 5478/2002.

- Omisión de levantamento de "Acta previa de ocupación".

- Erro na superficie dos terreos e da súa vinculación á vivenda preexistente.

- Desconformidade co prezo xusto expropiatorio.

Informe:

- O motivo primeiro da alegación debe desestimarse porque, como xa se indicou, o devandito recurso cont.-ad. 5478/2002 foi resolto recentemente polo TSXG na súa Sentenza do 26/01/2006, desestimatoria da demanda e confirmatoria da legalidade do Plan Parcial 03-23 Baruxáns.

- O segundo motivo (Acta previa ocupación) pode tamén desestimarse. O procedemento de expropiación por taxación conxunta regúlase nos arts. 143 e 144 LOUGA. Non se require neles o levantamento de ningún "Acta previa á ocupación".

- Os alegantes non precisan nin xustifican mínimamente os supostos erros de superficie e vinculación que denuncian nas súas alegacións.

- No referente á valoración do prezo xusto expropiatorio, reitérase o sinalado polo arquitecto técnico municipal no seu mentado Informe do 13/12/2005 sobre que: " No expediente de expropiación dos bens e dereitos afectados figura a xustificación do cálculo dos valores do solo e bens e dereitos afectados, de acordo á lei 6/1998 de 13 de abril sobre o réxime do solo e valoracións. No escrito presentado polo alegante non se xustifica de acordo á lei 6/1998 o citado cálculo, nin se presenta valoración que xustifique outro valor, expresando exclusivamente o seu desacordo a título individual, polo que o técnico que subscribe ratifícase na valoración que figura nas follas de aprecio do expediente e na valoración presentada pola Xunta de Compensación, e que a xuízo do mesmo axústanse ó valores de mercado actuais para terreos urbanizables de uso industrial e pendentes de ordenación, equidistribución e urbanización".

Proposta: Desestimar a alegación.

III.- Como consecuencia do resultado do trámite de información pública practicado, as follas de aprecio individualizadas dos bens a expropiar son as seguintes:

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 11			
PROPIETARIO: HRDOS DE JESÚS RODRÍGUEZ ABALDE			
DIRECCIÓN: RÚA CACHENO, Nº 5-7 BEMBRIVE - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
800,00 m2	Terreo	95,72 €/m2	76,576,00
1 Ud	Galpón		2.321,01
Suma:			78.897,01
5% premio afección.....			3.944,85
total valoración.....			82.841,86 €

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA Nº: 40</i>			
<i>PROPIETARIO: ANGEL PÉREZ VILA</i>			
<i>DIRECCIÓN: CAMIÑO TRONCALES 10, BAIXO - BEMBRIVE - VIGO</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE €</i>
<i>143,00 m2</i>	<i>terreo</i>	<i>95,72 € /m2</i>	<i>13.687,96</i>
<i>5% premio afección.....</i>			<i>684,40</i>
<i>total valoración.....</i>			<i>14.372,36 €</i>

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA Nº: 42</i>			
<i>PROPIETARIO: ANGEL PÉREZ RIVEIRO</i>			
<i>DIRECCIÓN: CAMIÑO TRONCALES 10, BAIXO - BEMBRIVE - VIGO</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE €</i>
<i>160,00 m2</i>	<i>terreo</i>	<i>95,72 € /m2</i>	<i>15.315,20</i>
<i>5% premio afección.....</i>			<i>765,76</i>
<i>total valoración.....</i>			<i>16.080,96 €</i>

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA Nº: 145</i>			
<i>PROPIETARIO: ANGEL PÉREZ RIVEIRO</i>			
<i>DIRECCIÓN: CAMIÑO TRONCALES 10, BAIXO - BEMBRIVE - VIGO</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE €</i>
<i>325,00 m2</i>	<i>terreo</i>	<i>95,72 € /m2</i>	<i>31.109,00</i>
<i>5% premio afección.....</i>			<i>1.555,45</i>
<i>total valoración.....</i>			<i>32.664,45 €</i>

IV.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Ángel Pérez Riveiro e D. Ángel Pérez Vila durante o trámite de información pública no único senso de rectificar a titularidade da finca núm. 145, atribuíndolla a D. Ángel Pérez Riveiro. Desestimar as alegacións presentadas por D^a. Carmen Rodríguez Comesaña e D^a Purificación Rodríguez Comesaña (Comunidade de Herdeiros de D. Jesús Rodríguez Abalde) polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do polígono 1 do Plan Parcial 03.23 Baruxáns (Bembrive), coas follas de aprecio transcritas na parte expositiva deste Acordo, e Memoria e Planos redactados polos arquitectos D^a Mariam Leboreiro Amaro e D. Fco. Javier Alonso Davila (expte. 178/413).

TERCEIRO: Os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta Resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de Expropiación Forzosa, previo informe.

CUARTO: A Xunta de Compensación deberá efectua-lo pago do prezo xusto expropiatorio antes da aprobación inicial do Proxecto de Compensación do polígono 1 do Plan Parcial e en todo caso no prazo de 6 meses dende a notificación deste Acordo.

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación, expropiados e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

21(60).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALUGUER DE MAQUINARIA CON OPERADOR PARA O SERVICIO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 47342/250

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación polo procedemento aberto de concurso do aluguer de maquinaria con operador para o Servizo de Vías e Obras, de data 12.12.05, asinado polo xefe administrativo de Vías e Obras e conformado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o prego de cláusulas administrativas, de 6.02.06, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, para dita contratación; visto o informe xurídico do 2.02.06 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 12.12.05, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, polo concelleiro de dita área e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a contratación do subministro de “Aluguer de Maquinaria para o Servizo de Vías e Obras ” elaborado polo servizo de Vías e Obras”.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servicios Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso do subministro de “Aluguer de Maquinaria para o Servicio de Vías e Obras ”

3º.- Autorizar o gasto de 210.000,00 euros para a contratación do subministro de “Aluguer de Maquinaria para o Servicio de Vías e Obras ” con cargo ó presuposto 2006, o que debe contar con crédito adecuado e suficiente para que o contrato poida formalizarse

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

22(61).- REQUERIMENTO DA DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA DA NULIDADE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23.12.06 REFERENTE Á “APLICACIÓN ECONÓMICA DA PROPOSTA DE VALORACIÓN AOS POSTOS DE TRABALLO ENCADRADOS NOS GRUPOS DE TITULACIÓN D e E”. EXPTE. 1217/110.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

O concelleiro Sr. Guerra Fernández da conta á Xunta de Goberno local do informe-proposta, de data 17.02.06, en relación co asunto de referencia, redactado pola xefa da Área de Réxime Interior e solicitado por instrucción de servizo de dito concelleiro de data 14.02.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno local, en sesión do día 23 de decembro de 2005, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar o seguinte:

1º.- *Modificar a Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo do Concello de Vigo correspondentes os postos relacionados, cos contidos especificamente considerados de oficios (capataces, encargados xerais, xefes de equipo, xefes de quenda, axudantes, vixiantes, etc) así como aqueles que están a realizar tarefas administrativas, todos eles encadrados no Grupo D e E de titulación, para o exercicio 2005 en canto as retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) que será o que se contén no ANEXO I (transcrito na parte expositiva) e que forma parte inseparable desta proposta.*

2º.- *Para o actual exercicio económico 2005, a adecuación retributiva proposta terá efectos retroactivos ó 1 de febreiro de 2005, para o cal se autoriza un gasto de 660.000 € con cargo á partida 121101210100 “Fondo de adecuación dos postos de traballo dos vixentes presupostos municipais”.*

3º.- *Que pola Tesourería municipal procédase a cuantificación das obrigas económicas derivadas do presente acordo correspondentes ó actual ano 2005 para o seu recoñecemento e declaración de abono polo órgano competente.*

4º.- *Para posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do presente acordo, deberase incluír nos orzamentos do ano 2006 crédito presupostario específico e en contía suficiente ou, no seu caso, de prorrogarse os correspondentes ó ano actual deberán levarse a cabo as modificacións*

presupostarias necesarias mediante a baixa de créditos adscritos a prazas de cadro de persoal a amortizar e isto na contía que sexa necesario.

SEGUNDO.- Con data de rexistro de entrada do día 19 de xaneiro de 2006 recíbese no Concello escrito da Delegación do Goberno en Galicia requirindo a esta entidade, de conformidade co establecido no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para que no prazo de un mes anule dito acordo.

TERCEIRO.- O Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, dicta Instrucción de servizo ordenando o seguinte:

"A vista do requirimento efectuado polo Delegado de Goberno, de data de entrada no rexistro xeral de 19 de xaneiro de 2006, e dos informes obrantes no expediente do secretario xeral de data 31 de xaneiro de 2006 e o do comité de persoal, entregado con data 8 de febreiro de 2.006, efectúese proposta á Xunta Local de Goberno de suspensión dos efectos do acordo de 23 de decembro de 2.005 relativo a aplicación económica proposta de valoración a parte dos postos de traballo encadrados nos grupos de titulación D e E ata que remate o prazo para interposición do correspondente recurso contencioso- administrativo, ou ben, se se interpón con petición de suspensión do acto recorrido, ata que se resolva polo Tribunal tal suspensión cautelar.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co disposto no 65 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cando a Administración do Estado considere, no ámbito da súa competencia, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila para que anule dito acto no prazo de dous meses.

Segundo.- A Xurisprudencia considerou o requirimento similar ao recurso de reposición, no sentido de que permite ao ente local requirido anular o acto, previa audiencia aos interesados afectados. Ás similitudes entre recurso de reposición e o requirimento refírense as STS do 12 de marzo de 1990 e do 2 de xullo de 1.999. A primeira destas sentencias sinala que "a diferenza co recurso de reposición é sutil, pois no requirimento esíxese e estímase, desde unha situación de autoridade e superioridade, a que o ente local anule o modifique o seu acordo, en tanto que no recurso de reposición as posicións cambian e o requirimento tórnase en petición ou súplica. Esta Sala terceira considerou na súa sentenza do 2 de marzo de 1.990 o artigo 65 como un precepto que instrumenta unha vía administrativa previa que parece que hai que entendela como un recurso de reposición especial potestativo previo ao contencioso administrativo, recurso que se fundamenta na defensa do ordenamento xurídico, pero que non é, sen embargo, un recurso en interese de lei, porque se o acto chegase a ser anulado sería con todas as súas consecuencias, isto é afectando as situacións individuais creadas polo acto recorrido".

Terceiro.- De acordo co que establece o artigo 111 da Lei 30 /1992 a interposición de calquera recurso (incluíndo, de acordo co criterio xurisprudencial mencionado, este tipo de requirimentos), excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

Non obstante, dispónse no seu apartado 2, que o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) *Que a execución puidera causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.*
- b) *Que a impugnación se funde en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta lei.*

En relación coa ponderación á que se refire o apartado 2 do artigo 111 cabe considerar o seguinte:

A suspensión da execución, tendo sobretodo en conta o carácter temporal da mesma, non causaría prexuízos ós funcionarios afectados que permanecerían cos seus dereitos actuais.

Por outra parte o requirimento alega a vulneración de preceptos contidos na Lei 2/2004, do 27 de decembro, de carácter, segundo expresamente se sinala na mesma, básico en canto dictados ao abeiro dos artigos 149.1.13ª e 156.1 da Constitución.

Como consecuencia, a suspensión temporal deixaría a salvo o interese xeral e a estabilidade orzamentaria ou de contención do gasto pública invocada no requirimento da Delegación do Goberno ata que haxa resolución en vía contenciosa.

Cuarto.- En canto a competencia para adopción do acordo, corresponde a Xunta de Goberno Local de conformidade coas atribucións previstas no artº 127-h) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Suspender a executividade do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2005 relativo a aplicación económica proposta de valoración a parte dos postos de traballo encadrados nos grupos de titulación D e E.

Segundo.- A suspensión acordada alzarase nos seguintes supostos:

1º.- Cando transcorra o prazo previsto no artigo no 65.3 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local para a interposición do recurso contencioso.

2º.- Na data na que o Xulgado ou Tribunal ante o que se interpoña recurso contencioso - administrativo dicte, no seu caso, auto sobre a suspensión cautelar si se houbera solicitado.

Terceiro.- Notificar o acordo a todos os interesados no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(62).- DESIGNACIÓN DE VOCAIS DA MESA DE CONTRATACIÓN EN REPRESENTACIÓN DO PARTIDO POPULAR.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta da Excma. Alcaldesa, de data 13.02.06, en relación coa designación de vocais da Mesa de Contratación en representación do Partido Popular, que di o seguinte:

A Disposición Adicional novena do R.D. Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas no seu apartado 3 textualmente indica:

“A Mesa de Contratación (nas entidades locais) estará presidida polo Presidente da Corporación, ou membro desta en quen delegue, e formarán parte da mesma como vocais o Secretario, o Interventor e aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre funcionarios, persoal laboral e concelleiros, sen que o seu número en total sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.”

A Xunta de Goberno Local de conformidade co art. 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, actúa como único órgano de contratación municipal, procede, en consecuencia, que se adopte acordo no sentido de designar cales serán os membros que integrarán a Mesa de Contratación na súa condición de órgano colexiado propoñente e asesor das adxudicacións que acadará a Xunta de Goberno Local.

Por acordo da Xunta de Goberno local de 12-01-2004 designou os membros non natos da Mesa de Contratación. Con posterioridade engadíronse dous voais máis a mesa de contratación, un en representación do Partido Popular e outro en representación do Partido Galeguista.

De conformidade coa normativa citada esta Alcaldía PROPÓN:

Primeiro.- Designar como vocais non natos da Mesa de Contratación en representatción do Partido Popular os seguintes concelleiros:

- D^a. Soledad Polo Lima como titular e Dna D. Lucía Emilia Molaes Pérez como suplente*
- D. Antonio Coello Bufill como titular e D. Ignacio López-Chaves Castro como suplente*
- D. José Manuel Couto Pérez como titular e D. Carlos Comesaña Abalde como suplente*

Non se modifica a composición da mesa de contratación no que respecta ós demais vocais

Segundo.- Modificar o horario da reunión ordinaria da Mesa de Contratación que se celebrará os luns ás 11,30 horas.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós Concelleiros afectados, demais interesados e dar coñecemento do mesmo ó Pleno do Concello na primeira reunión que este órgano realice.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

24(63).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vintecinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez